

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE URBANO

TITULO I. PROTECCIÓN DOS ESPACIOS PÚBLICOS EN RELACIÓN COA SÚA LIMPEZA E RETIRADA DO LIXO

CAPITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPITULO II. LIMPEZA DA REDE VIARIA E OUTROS SERVIZOS

CAPITULO III. LIMPEZA DAS EDIFICACIÓNS

CAPITULO IV RETIRADA DO LIXO. NORMAS XERAIS

CAPITULO V RESIDUOS DOMICILIARIOS

CAPITULO VI. RESIDUOS INDUSTRIAIS

CAPITULO VII. RESIDUOS ESPECIAIS

CAPITULO VIII. TRATAMENTO DOS RESIDUOS

CAPITULO IX. RÉXIME DISCIPLINARIO

TITULO II. PROTECCIÓN DAS ZONAS VERDES

TITULO III. PROTECCIÓN DOS RECURSOS HIDRAULICOS DIANTE DA CONTAMINACIÓN POR VERTIDOS NON DOMÉSTICOS

CAPITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPITULO II. CONDICIÓNS DOS VERTIDOS

CAPITULO III. CONTROL DOS VERTIDOS

CAPITULO IV. RÉXIME DISCIPLINARIO

TITULO I. PROTECCIÓN DOS ESPACIOS PÚBLICOS EN RELACIÓN COA SÚA LIMPEZA E RETIRADA DO LIXO

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo 1.-

Esta ordenanza ten por obxecto, como contido do presente título, a regulamentación das actividades dirixidas á limpeza dos espazos públicos e á recollida dos residuos sólidos urbanos, para conseguir as condicións adecuadas de pulcritude e ornato urbanos.

Artigo 2.-

Esta regulamentación atende os principios da Lei 10/98 de 21 de Abril sobre recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e demais disposicións aplicables.

Artigo 3.-

Considéranse residuos sólidos urbanos conforme o establecido no artigo 2 da Lei citada no artigo anterior, os producidos por actividades e situacións domiciliarias, comerciais e de servizos, sanitarias, de limpeza urbana, industriais, obras en edificios, abandono de animais mortos, mobles e vehículos e en xeral todos aqueles dos que a recollida, transporte e almacenamento ou eliminación corresponda ó Concello de acordo coa lexislación vixente.

Capítulo II.- Limpeza da rede viaria e outros servizos

Artigo 4.-

A limpeza da rede viaria pública e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada polo servizo municipal competente coa frecuencia conveniente para a adecuada prestación do servizo e a través das formas de xestión que acorde o Concello.

Artigo 5.-

Como consecuencia da limpeza dos elementos comunitarios dos inmobles (escaleiras, portais, etc), os residuos obtidos serán depositados en contedores, quedando totalmente prohibido depositalos directamente na vía pública.

Artigo 6.-

A limpeza das rúas de dominio particular deberán facela os propietarios seguindo as directrices que dite o Concello.

Artigo 7.-

A limpeza dos inmobles de propiedade particular que se encontren en solo urbano e non estean incluídos no artigo anterior corresponderá, igualmente, a propiedade.

Artigo 8.-

Prohíbese botar na vía pública todo tipo de residuos como cigarros, cascas, papeis ou calquera outro desperdicio semellante. Os que vaian polas vías públicas e queiran desprenderse de residuos de pequena entidade utilizarán as papeleiras instaladas a tal fin. Os usuarios absteranse de manipular as papeleiras.

Artigo 9.-

Queda prohibido realizar calquera operación que poida emporcar os espazos e vías públicas, e de forma especial:

- a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlle o aceite ou outros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
- c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública entre as 9 e as 24 horas
- d) Arrojar envases de bebidas ou calquera consumición, debendo os propietarios do establecemento adoptar as medidas oportunas para que os expendidos se consuman dentro do establecemento.

Artigo 10.-

Os donos de quioscos ou postos autorizados na vía pública, xa sexa en sitios illados ou en mercados, están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolven o seu cometido e os seus arredores durante o horario no que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado o concluír esta.

A mesma obriga afecta os donos de cafeterías, bares e establecementos análogos en canto á superficie da vía pública ou espazo libre público que se ocupe con mesas, cadeiras, etc., así como a beirarrúa correspondente ó longo da súa fachada

Artigo 11.-

Concluída a carga e descarga de calquera vehículo respectando as normas que para tales actividades establece a Ordenanza de circulación, limpanse as beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante a operación, retirando os residuos vertidos.

Están obrigados o cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos nos que se fixera a carga ou descarga.

Artigo 12.-

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais poirentos, áridos, formigón, cartóns ou calquera outra materia semellante, deberán tomar as medidas precisas para protexer tales materiais durante o transporte e evitar que caian sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

Así mesmo antes de saír das obras, deberanse lavar os baixos e rodas dos vehículos, co fin de impedir que emporquen as vías públicas.

Artigo 13.-

1. Cando se realicen pequenas obras na vía pública con motivo de canalizacións, tapado de buratos etc., os entullos e refugallos deberán ser retirados dentro das 24 horas seguintes o remate dos traballos, deixándoos, entretanto debidamente amoreados, de xeito que non se atranque a circulación de peóns e vehículos.

2. Nas obras onde se produzan cantidades de entullos superiores a un metro cúbico deberán utilizarse, para o seu almacenamento na vía pública, colectores adecuados, debendo cumprir as ordenanzas municipais que lles sexan de aplicación.

Capítulo III.- Limpeza das edificacións

Artigo 14.-

Os propietarios dos inmobles, vivendas e establecementos están obrigados a manter limpas as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública, de tal maneira que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu entorno urbano.

Artigo 15.-

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias os transeúntes nin ensuciar a vía pública. Se, non obstante esta fose ensuciada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza retirando os residuos resultantes.

Artigo 16.-

Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da vila, queda prohibido:

- a) Poñer carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, cabinas, fachadas, farolas, reixas, valos, papeleiras, contedores do lixo, etc.
- b) Riscar ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.

Artigo 17.-

Durante os períodos electorais ou aqueloutros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello adoptará, en consonancia o que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización coma soporte publicitario.

Capítulo IV.- Retirada do lixo. Normas xerais

Artigo 18.-

A recollida dos residuos sólidos urbanos será establecida polo servizo municipal competente coa frecuencia e horarios que se consideren oportunos, dando a publicidade necesaria para coñecemento do vecindario. Os veciños estarán obrigados a depositar o lixo en bolsas pechadas nos contedores adecuados e a ser posible entre as 21 e as 24 horas.

Artigo 19.-

Da recepción dos residuos sólidos urbanos farase cargo o persoal dedicado a mesma. Quen os outorgue a calquera outra persoa física ou xurídica que careza da correspondente autorización municipal, deberá responder con esta polos danos que puideran producirse por causa de aqueles, independentemente das sancións a que houber lugar

En ningún caso, nin baixo ningún pretexto, se deben entregar os residuos o persoal encargado do barrido e rego das rúas.

Artigo 20.-

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos, calquera que sexa a súa natureza, sen previa concesión ou autorización municipal.

Artigo 21.-

1. Cando os residuos sólidos, pola súa natureza e a xuízo do servizo municipal competente, puidesen presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixírase o produtor ou posuidor dos mesmos que, antes da súa recollida, realice un tratamento para reducir ou eliminar estas características e que os deposite en forma e lugar adecuados.

2. Así mesmo, os produtores ou posuidores de residuos potencialmente tóxicos ou perigosos, ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte e tratamento, quedan obrigados a proporcionar ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características, sendo responsables en todo momento de cantos danos se produzan cando se omitira ou falseara aquela información

Capítulo V.- Residuos domiciliarios

Artigo 22.-

1. Entendese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables os anteriores.

2. O Concello poderá dispor que se depositen en contedores especiais aqueles residuos que poidan reciclarse (papel, vidro, latas, etc.)

Artigo 23.-

1. A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente nos contedores que sinala o Concello de acordo coa natureza dos residuos, as características da vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servizo municipal competente.

Os usuarios dos contedores subministrados polo Concello ou pola empresa concesionaria da recollida, teñen a obriga de conservalos e mantelos en adecuadas condicións de hixiene, coa dilixencia que o Código Civil esixe ó usufrutuario de bens alleos, sen prexuízo da limpeza periódica que realizarán os servizos municipais.

Artigo 24.-

1. Nas zonas nas que haxa contedores, os veciños depositarán neles os residuos. O persoal do vehículo colector baldeiará o contido dos contedores no camiión e depositaraos despois onde se atopaban, non correspondéndolle ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún inmovible de propiedade pública ou privada.

2. Nas zonas con rúas interiores en que o vehículo colector non poida acceder, os residuos depositaranse en contedores que se deberán colocar nun lugar ó que teña acceso dito vehículo

Artigo 25.-

Nos centros públicos e privados, mercados, centros sanitarios, etc., a retirada dos residuos desde o lugar sinalado correrá por conta do servizo municipal competente, pero non o barrido e limpeza dos mesmos

Capítulo VI.- Residuos industriais.

Artigo 26.-

Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados a adoptar cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou , se é o caso , aproveitamento dos mesmos se realicen sen riscos para as persoas. En consecuencia estes residuos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade, sendo os propietarios os únicos responsables dos posibles danos ou perdas que os mesmos poidan ocasionar.

Artigo 27.-

Serán considerados residuos industriais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables os residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

Artigo 28.-

Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose, á vista da natureza dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

Artigo 29.-

1. Cando os residuos industriais sexan inicialmente tóxicos ou perigosos, ou poidan resultar de tal condición pasado o tempo, soamente poderán ser depositados en instalacións especiais que aseguren a súa destrución ou inocuidade.

2. O transporte dos residuos sólidos ou industriais poderá ser efectuado polos propios produtores ou posuidores, ou por terceiras persoas que conten coa oportuna e específica licenza e mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco.

Efectuado o vertido nas zonas especialmente habilitadas para tales residuos, acreditarase documentalmente esta circunstancia perante o Concello.

Capítulo VII.-Residuos especiais**Sección 1ª. Terras e entullos.-****Artigo 30.-**

1. Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2. Igualmente queda prohibido na vía pública, fora dos límites do valado protector das obras, materiais de construción.

Artigo 31.-

1. Os residuos e materiais do artigo anterior soamente se poderán almacenar na vía pública empregando para iso contedores axeitados e instalados cumprindo os requisitos e condicións que se sinalen.

2. A colocación dos contedores requirirá de autorización municipal.

3. Os contedores deberán estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato e evitar que outras persoas boten neles lixo ou obxectos inútiles.

4. Cando os colectores se atopen cheos de entullos procederase, en prazo non superior ás 24 horas á súa retirada e substitución por outros baldeiros. Para estes efectos os materiais depositados, non poderán rebasar nunca o plano delimitado polas arestas superiores do colector, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentar a capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento, o Concello deberá retirar o colector que logo de baldeirado quedará en depósito. O propietario poderá recuperalo pagando previamente os gastos de transporte, vertido e retirada, sen prexuízo da sanción a que houbera lugar

Sección 2ª. Mobles, enseres e obxectos inútiles.-

Artigo 32.-

1. Queda prohibido depositar, nos espazos públicos, mobles, enseres ou obxectos inútiles para que sexan retirados polo camión de recollida do lixo
2. As persoas que desexen desfacerse de tales elementos solicitarano ó servizo municipal competente.

Sección 3ª. Animais mortos.-

Artigo 33.-

Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie, sobre calquera clase de terreos, e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública. Esta prohibición esténdese as placentas e restos de matanzas domiciliarias.

Artigo 34.-

As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos farano a través do servizo municipal competente.

1. Este servizo municipal será gratuito cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou catividade, de se referir a un só exemplar e a prestación do servizo se solicite de maneira illada e esporádica.
2. O disposto no parágrafo anterior non será aplicable para o caso de explotacións gandeiras ou industriais, nin no suposto de équidos para uso deportivo.

Artigo 35.-

A eliminación de animais mortos non exime, en ningún caso, da obriga de comunicar a baixa do animal e as causas da súa morte, cando así veña establecido en ordenanzas ou regulamentos municipais ou disposicións legais vixentes.

Artigo 36.-

Os que observen a presenza dun animal morto poden comunicalo ó servizo municipal competente co fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

Sección 5ª. Outros residuos.-

Artigo 37.-

Inclúense neste epígrafe tódolos residuos non sinalados especificamente entre os especiais que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte ou tratamento selectivo, por razón das condicións anormais en que os mesmos puidesen encontrarse .

Capítulo VIII. Tratamento de residuos.-

Artigo 38.-

1. Os depósitos ou vertedoiros para a eliminación dos residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal e no que se refire á súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento darase cumprimento a canto establezan as disposicións vixentes sobre esta materia.

2. Todo vertedoiro que non cumpra co establecido no punto anterior, será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen detrimento das sancións previstas e das responsabilidades a que houberse lugar.
3. As instalacións industriais para a eliminación ou aproveitamento dos residuos nas súas formas de reciclado, incineración, etc., ateranse ó que dispoñan as leis vixentes na materia.

Capítulo IX. Réxime disciplinario

Artigo 39.-

1. Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar perante o Concello as infraccións da presente ordenanza.
2. Tocante ó contido das denuncias e para os seus efectos rexerá o establecido no artigo 40 desta ordenanza.

Artigo 40.-

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas neste título, serán esixibles non soamente polos actos propios, senón polos daquelas persoas de quen se deba responder.
2. Cando se trate de obrigas colectivas a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios, ou ós habitantes do inmovible cando non estea constituída esta.

Artigo 41.-Infraccións.

1. Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire este título, os actos ou omisións que contraviñan o establecido nas normas que integran o seu contido.
2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves:
3. Considéranse infraccións leves:
 - a) Falta de limpeza nos espazos e rúas particulares
 - b) Botar desperdicios na vía pública, así como realizar as operacións prohibidas no artigo 9, salvo cambiar aceite ou outros líquidos os vehículos.
 - c) Falta de limpeza na vía pública nos supostos do artigo 10
 - d) Non manter limpas as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.
 - e) Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais
 - f) Riscar ou arrincar carteis ou anuncios colocados en lugares autorizados
 - g) Tocante ós contedores a falta de coidado cos mesmos, depositar o lixo sen bolsa pechada e deixar as bolsas fora do contedor
4. Considéranse infraccións graves:
 - a) Reincidencia en infraccións leves.
 - b) Cambiar o aceite ou outros líquidos ós vehículos na vía e espazos públicos
 - c) Realizar actos de propaganda mediante o reparto ou lanzamento de papeis que ensucien os espazos públicos.
 - d) Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos
 - e) Non retirar no prazo establecido os entullos procedentes de obras na vía pública así como almacenar na mesma escombros ou materiais de construción, sen utilizar colectores, ou situar estes incumprindo o establecido nas ordenanzas municipais

- f) Poñer carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas
- g) Usar indebidamente ou danar os contedores do lixo, así como depositar nestes entullos e escombros.
- h) Abandonar mobles, enseres ou obxectos na vía ou espazos públicos
- i) Abandonar cadáveres de animais, placentas e restos de matanzas domiciliarias, inhumalos en terreos de dominio público ou depositalos nos contedores do lixo.

5. Considéranse infraccións moi graves:

- a) Reincidencia nas faltas graves
- b) Dedicarse a recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización ou entregalos a quen teña tal dedicación.
- c) Carecer do libro de rexistro de residuos industriais, así como o seu vertido incontrolado.
- d) Non retirar os colectores no prazo establecido
- e) Non proporcionar o Concello información sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir trastorno no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir atrancar o labor inspector nos supostos de residuos industriais.

Artigo 42.-Sancións

Sen detrimento de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos do presente título en materia de limpeza urbana e residuos sólidos serán sancionadas na seguinte forma:

- a) Infraccións leves. Multa de 25 euros
- b) Infraccións graves. Multa de 25 a 50 euros
- c) Infraccións moi graves :Multa de 50 a 100 euros.
- d) Todas estas multas non mingúen as sancións superiores autorizadas legalmente pola autoridade competente.

Artigo 43.

1. Para determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como a natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como a aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

2. Será considerado reincidente quen incorrera en infraccións das mesmas materias nos doce meses anteriores.

TITULO II. PROTECCIÓN DAS ZONAS VERDES

Capítulo I.- Disposicións xerais.

Artigo 44.-

Esta ordenanza ten por obxecto, no que atinxe o título II, a regulamentación da implantación, conservación, uso e aproveitamento das zonas verdes do Concello de Arzúa, así como do coidado, respecto e bo uso do mobiliario urbano instalado en ditas zonas.

Artigo 45.-

Teñen consideración de zonas verdes, a efectos desta ordenanza, tódolos dedicados a plantación de arborado e xardinería, incluíndo as isletas, as alienacións de árbores nas beirarrúas e paseos e as xardineiras instaladas nas vías públicas.

De igual forma serán de aplicación estas normas no que os afecte, os xardíns e espazos verdes de propiedade privada.

Capítulo II. Implantación de novas zonas verdes

Artigo 46.-

As novas zonas verdes axustaranse na súa localización ó establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento ou no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Artigo 47.-

As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais existentes que servirán de soporte ós novos.

Artigo 48.-

Para as novas plantacións elixiranse especies vexetais autóctonas ou as máis acordes posibles co terreo e a climatoloxía.

Artigo 49.-

As plantacións próximas a edificacións deberán gardar unha separación de 3 metros para as árbores e de 050 metros para as plantas

Artigo 50.-

Non se empregarán especies vexetais expostas a pragas e enfermidades crónicas

Artigo 51.-

As redes de servizos (electricidade, teléfono, etc.) que atravesen as novas zonas verdes deberán facelo de forma soterrada e debidamente canalizadas.

Capítulo III. Conservación das zonas verdes

Artigo 52.-

Os propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelas en bo estado de conservación de modo que non perxudiquen a outras zonas verdes ou edificios veciños, nin invadan espazos públicos.

Artigo 53.-

Todo propietario dunha zona verde está obrigado a manter un estado fitosanitario adecuado nas súas plantas.

Artigo 54.-

O Concello poderá intervir nas zonas verdes privadas en casos extremos, sendo sempre a cargo dos propietarios os gastos que a actuación ocasione.

Artigo 55.-

Os titulares de quioscos, bares etc., que integren nas súas instalacións algún tipo de plantación, deberán velar polo bo estado das mesmas.

Capítulo IV. Utilización das zonas verdes

Artigo 56.- Normas xerais:

1. Tódolos cidadáns teñen dereito ó uso e lecer das zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente ordenanza.
2. As zonas verdes públicas pola súa cualificación de bens de dominio e uso público non poderán ser obxecto de privatización do seu uso con fins particulares.
3. Cando por motivos de interese se autoricen actos públicos nestes lugares, deberanse adoptar as medidas necesarias para que a afluencia de non cause detrimento nas plantas e no mobiliario urbano.
4. Os usuarios das zonas verdes deberán cumprir as indicacións de uso que sobre a súa utilización figuren nos sinais existentes, así como ás dos axentes da Policía Local ou persoal de Parques e Xardíns.

Artigo 57.- Protección dos elementos vexetais.

Con carácter xeral e co fin de garantir o correcto mantemento das especies vexetais, non se permiten os seguintes actos:

- a) Calquera manipulación sobre árbores e plantas.
- b) Camiñar polas zonas axardinadas acoutadas
- c) Pisar o céspede ornamental
- d) Cortar flores, polas ou especies vexetais
- e) Talar ou podar árbores situados nos espazos públicos sen autorización municipal expresa
- f) Arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar cortizas, cravar puntas ou atar nos mesmos columpios, ferramentas, andamios, bicicletas ciclomotores, carteis ou calquera outro elemento, así como subirse os mesmos.
- g) Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra nas zonas verdes
- h) Botar lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou outros produtos que poidan danar as plantacións
- i) Prender lume en lugares que non estean expresamente autorizados

Artigo 58.- Protección da fauna.

Como protección das especies animais existentes nas zonas verdes así como nos ríos, lagos ou estanques existentes nas mesmas, non se permitirá:

- a) Cazar ou perseguir calquera tipo de animal
- b) Pescar e botar calquera clase de obxecto ou desperdicio ós acuíferos
- c) Estar en posesión de utensilios ou armas destinados á caza ou pesca
- d) Abandonar calquera tipo de animal sen autorización expresa do Concello
- e) Levar animais soltos, así como retirar as súas dexeccións

Artigo 59.- Protección do medio.

Co fin de protexer o entorno físico das zonas verdes queda prohibido:

- a) A práctica de xogos e deportes salvo nas zonas acoutadas, para así non perturbar ou molestar a tranquilidade pública
- b) Practicar acampadas
- c) As actividades publicitarias, se non é coa expresa autorización municipal
- d) Realizar traballos de reparación de automóbiles así como o seu lavado e limpeza

Artigo 60.- Protección do mobiliario urbano.

Os causantes dalgún tipo de dano no mobiliario existente nas zonas verdes serán non só sancionados administrativamente de acordo coa falta cometida senón que, serán responsables do resarcimento do dano ocasionado.

Igualmente poderá ser sancionado quen perxudique dalgún modo a súa disposición e correcta utilización, establecéndose a tal efecto as seguintes limitacións:

- a) Bancos. Non está permitido arrincar os que estean fixados, trasladar os que estean soltos e realizar pintadas ou inscricións sobre eles; así como calquera acto contrario a súa normal utilización ou que deteriore a súa conservación
- b) Xogos infantís. Utilizaranse unicamente por nenos con idades comprendidas entre as establecidas nas correspondentes sinalizacións de uso. Non se permite o seu uso por adultos así como a utilización dos xogos de forma que exista perigo para os seus usuarios ou de forma que poidan deteriorarse ou romperse.
- c) Papeleiras. Os refugallos e papeis deberán ser depositados nas papeleiras establecidas para tal fin. Os usuarios deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras
- d) Fontes. Os usuarios deberán absterse de realizar calquera manipulación das fontes que non sexa a propia do seu funcionamento normal, así como de practicar nas fontes para beber. Nas fontes ornamentais non se permitirá beber, lavarse, bañarse, practicar xogos, así como calquera manipulación nos seus elementos
- e) Farolas e elementos decorativos. Non se permitirá subirse, abanearse ou facer calquera acto que deteriore ou emporque ditos elementos

Artigo 61.- Vehículos nas zonas verdes.

1. Bicicletas. Os nenos de ata 10 anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques sempre e cando non causen molestias os demais usuarios.

2. Vehículos de transporte. Non poderán circular polas zonas verdes coas seguintes excepcións:

- a) Os destinados exclusivamente as empresas de servizos de quioscos ou instalacións similares
- b) Os do Concello de Arzúa
- c) Os de persoas discapacitadas

En tódolos casos non poder sobrepasar os 10 Km/ hora

Capítulo V.- Réxime disciplinario

Artigo 62.- Normas xerais

Calquera persoa natural ou xurídica poderá denunciar infraccións a esta ordenanza en relación coas zonas verdes. As denuncias, nas que se exporán os feitos considerados como presuntas infraccións, darán lugar á incoación do oportuno expediente e a súa resolución será comunicada os denunciante.

Artigo 63.- Infraccións.

1. Consideraranse infraccións administrativas en relación co contido do presente título desta ordenanza, as accións ou omisións que contraveñan o establecido no mesmo.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3. Considéranse infraccións leves:

- a) As deficiencias de conservación de zonas verdes en aspectos non tipificados como infraccións de maior gravidade nos apartados seguintes.
- b) A existencia de posibilidade real de aproveitar recursos propios de auga para rego sen que esta posibilidade se poña en práctica.

- c) As deficiencias en limpeza das zonas verdes.
 - d) Deteriorar os elementos vexetais; atacar ou inqueda os animais existentes nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.
 - e) Practicar xogos e deportes en sitios e de forma inadecuados.
 - f) Usar indebidamente o mobiliario urbano.
4. Considéranse infraccións graves:
- a) A reincidencia nas infraccións leves.
 - b) A implantación de zonas verdes contravindo o disposto nos artigos 46, 47, 48, 49 e 50.
 - c) As deficiencias na aplicación de tratamentos sanitarios coa debida dosificación e oportunidade.
 - d) Cando as plantacións que se atopan dentro da influencia dos concesionarios de quioscos, bares, etc., presenten síntomas de que foron regadas con auga con deterxentes, sal ou calquera outro produto nocivo. Se estas anomalías cegasen a producir a morte das pratas, deberán ademais custear a plantación doutras iguais. A reincidencia nesta falta pode supoñer a anulación da concesión.
 - e) As deficiencias na limpeza das zonas verdes cando leven a accidentes ou infeccións.
 - f) Destruír elementos vexetais, causar danos os animais existentes nas zonas verdes ou practicar pastoreo non autorizado.
 - g) Usar bicicletas en lugares non autorizados.
 - h) Causar danos ó mobiliario urbano.
5. Considéranse infraccións moi graves:
- a) A reincidencia en infracción grave.
 - b) Que a acción ou omisión infractora afecte a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público.
 - c) Que o estado dos elementos vexetais suporía un perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou entrañe grave risco para as persoas.
 - d) A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.
 - e) Usar vehículos de motor en lugares non autorizados.

Artigo 64.-

1. Sen prexuízo de esixir, cando proceda, a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións ós preceptos desta ordenanza serán sancionados da forma seguinte:
 - a) As leves con multas de 25 euros.
 - b) As graves con multas de 25 a 50 euros.
 - c) As moi graves con multas de 50 a 100 euros.
2. En todo caso, os danos causados nos bens de dominio público deberanse resarcir adecuadamente.
3. A contía das sancións graduarase tendo en conta a gravidade do dano realizado, a intencionalidade, a reincidencia e demais circunstancias que concorran.
4. Entenderase que incorre en reincidencia quen fora sancionado por unha infracción ás materias deste Título durante os doce meses anteriores.

TITULO III. PROTECCIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS DIANTE DA CONTAMINACIÓN POR VERTIDOS NON DOMESTICOS

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 65.-

É obxecto desta ordenanza, no que constitúe o contido do título III, a regulamentación dos vertidos non domésticos de augas residuais procedentes das instalacións situadas no término municipal de Arzúa, dirixida á protección dos recursos hidráulicos, á preservación da rede de sumidoiros e das depuradoras de augas residuais.

Artigo 66.-

Esta regulamentación establece as condicións e limitacións dos vertidos sinalados no artigo anterior tendo en conta o que afecta á rede de colectores e depuradoras, así como á xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións.

Artigo 67.-

Sen prexuízo do establecido nesta ordenanza, os dispositivos de evacuación de vertidos, as conexións á rede de saneamento e, en xeral, as instalacións para esta finalidade, axustaranse ás normas subsidiarias de planeamento e o futuro P.X.O.U. e ordenanzas que as desenvolven así como ás específicas que regulen as condicións sanitarias dos mesmos.

Capítulo II. Condicións dos vertidos.

Artigo 68.- Vertidos non permitidos.

Quedan totalmente prohibidos os vertidos directos ou indirectos á rede de sumidoiros de tódolos compostos e materiais que de forma non exhaustiva e agrupados por afinidade ou semellanza de efectos, se sinalan de seguido:

- a) Mesturas explosivas: Líquidos, sólidos ou gases que por razón da súa natureza e cantidade sexan ou poidan ser suficientes, por si mesmos ou en presenza doutras sustancias, de provocar lume ou explosión.
- b) Restos sólidos ou viscosos que provoquen ou poidan provocar atrancos no fluxo do sumidoiro, ou interferir no adecuado funcionamento do sistema de augas residuais; en xeral, sólidos de tamaño superior a 15cm en calquera das súas dimensións.
- c) Materiais coloreados: Líquidos, sólidos ou gases que provoquen corrosión na rede de saneamento ou nas instalacións de depuración e tódalas sustancias que poidan reaccionar coa auga para formar produtos corrosivos.
- d) Restos radioactivos tales que poidan provocar danos nas instalacións/ou perigo para o persoal encargado do mantemento das mesmas.
- e) Materias nocivas e sustancias tóxicas: Sólidos, líquidos ou gases en cantidades tales que por si solos ou por interacción con outros restos, poidan causar molestia pública ou perigo para o persoal encargado do mantemento e conservación da rede de sumidoiros e depuradoras.

Artigo 69.- Instalacións de pretratamento

1. Para os casos en que sexa esixible unha determinada instalación de pretratamento dos vertidos, o usuario deberá presentar o proxecto da mesma ó Concello e a información complementaria ó respecto, para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente os termos e especificacións do proxecto presentado.
2. O Concello poderá esixir a instalación de mediadores de caudal de vertidos, nos casos en que non exista fiabilidade tocante ós datos ou estimacións dados polo usuario.
3. O usuario será responsable da construción, explotación e mantemento das instalacións necesarias, con obxecto de satisfacer as esixencias desta ordenanza. A inspección e comprobación do funcionamento das instalacións é competencia do Concello.

Artigo 70.- Descargas accidentais.

1. Cada usuario deberá tomar as medidas adecuadas para evitar descargas accidentais de vertidos que infrinxan a presente ordenanza realizando as instalacións necesarias para isto, co criterio establecido no artigo anterior sobre instalación de pretratamento.
2. De se producir algunha situación de emerxencia, o usuario deberá comunicar á administración tal circunstancia co obxecto de que esta tome as medidas oportunas de protección das súas instalacións.
3. A administración terá a facultade de investigar as responsabilidades en que se puidese incorrer en cada caso.

Artigo 71.-

Ante unha situación de emerxencia ou risco inminente de se producir un vertido inusual á rede de sumidoiros que poida ser potencialmente perigoso para a seguridade das persoas e/ou instalacións, o usuario deberá comunicar urxentemente a situación producida e empregar todas aquelas medidas de que se dispoña co fin de conseguir minimizar o perigo. Posteriormente o usuario remitirá ó Concello o correspondente informe.

Capítulo III.- Control dos vertidos.

Artigo 72.-

1. Toda descarga de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros deberá contar coa correspondente autorización ou permiso de vertido concedido polo Concello a forma e condicións que se detallan.
2. A solicitude, que se formalizará en modelo oficial, deberá xuntarse, como mínimo , á seguinte información:
 - a) Nome, enderezo da actividade, da entidade xurídica do solicitante, así como os datos de identificación do representante que efectúa a solicitude.
 - b) Volume de auga que consume a industria.
 - c) Volume de auga residual que descarga e réxime da mesma, horario, duración, caudal medio, caudal punta e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houber.
 - d) Composición e características das augas residuais que inclúan tódolos parámetros que se describen nesta normativa, sen detrimento de que se indiquen determinacións non descritas nela especificamente.
 - e) Planos de situación, planta, conducións, instalacións mecánicas e descrición da rede de sumidoiros.
 - f) Descrición da actividade, instalacións e procesos que se desenvolven.
 - g) Descrición do produto fabricado, así como dos produtos intermedios e subprodutos.
3. O Concello autorizará a descarga con suxeición ós termos, límites e condicións que se indiquen.
4. A autorización poderá incluír os seguintes extremos:
 - a) Valores máximos e medios permitidos, en concentracións e en características das augas residuais vertidas.
 - b) Limitacións sobre o caudal e horario das descargas.
 - c) Esixencias de instalacións de pretratamento, inspección, mostreo e medición, en caso necesario.
 - d) Esixencias tocante ó mantemento, informes técnicos e rexistros da planta en relación co vertido.
 - e) Programas descumprimento.
 - f) Condicións complementarias que aseguren o cumprimento desta ordenanza.
5. O período de tempo de autorización estará suxeito a modificacións, se hai variacións no vertido ou nas necesidades do Concello.
6. As autorizacións serán intransferibles no tocante á industria e proceso.

Capítulo IV.- Inspección.

Artigo 73.-

Os servizos municipais correspondentes exercerán a inspección e vixilancia das instalacións de vertido á rede, cando se considere oportuno ou por petición do usuario.

Artigo 74.-

O usuario facilitará os inspectores o acceso ás distintas instalacións e porá a súa disposición os datos que estes lle soliciten.

Artigo 75.-

Os inspectores deberán acreditar a súa identidade. Non será preciso notificar previamente ás visitas que se efectúen en horario de actividade.

Artigo 76.-

Redactarase unha acta de inspección realizada polo Concello, asinada polo inspector e o usuario ó que se fará entrega dunha copia.

Artigo 77.-

A inspección consistirá total ou parcialmente en:

- a) Revisión das instalacións
- b) Comprobación dos elementos de medición.
- c) Toma de mostras para a súa posterior análise.
- d) Realización de análises e medicións in situ.
- e) Redacción da acta de inspección.

Capítulo V.- Réxime disciplinario.

Artigo 78.-

Os vertidos á rede de sumidoiros que non cumpran calquera das limitacións ou prohibicións que se especifican na presente ordenanza, darán lugar a que o Concello poida adoptar as medidas seguintes:

- a) Prohibición total do vertido cando non poida ser corrixido.
- b) Esixirle ó usuario un pretratamento do residuo.
- c) Esixir o pagar os custes orixinados polo vertido.
- d) Imposición de sancións, segundo se especifica no artigo 80
- e) Revogación, cando proceda, da autorización do vertido concedida.
- f) Cursar denuncia ós organismos competentes ante a gravidade ou reiteración da infracción.

Artigo 79.-

1. Considéranse infraccións administrativas, en relación co presente título, as accións ou omisións contrarias ó establecido no mesmo.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves:

2.1 Leves:

- a) Non facilitar ó acceso ou a información ós inspectores
- b) Omitir información ó Concello sobre a descarga ou cambios no vertido.

2.2 Graves:

- a) As reincidencias nas leves.
- b) Non comunicar as situacións de emerxencia sinaladas no artigo 71.
- c) Non contar coas equipas de análise.
- d) Efectuar vertidos que esixen pretratamento sen telo feito.
- e) Realizar vertidos afectados por limitacións sen respectar estas.

2.3 Moi graves:

- a) Reincidencia nas graves.
- b) Realizar vertidos prohibidos

Artigo 80.- Sancións.

1. Sen detrimento da esixencia, cando proceda, da correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións serán sancionadas da forma seguinte:

- a) As leves con multas de 30 euros.
- b) As graves con multas de 30 a 60 euros.
- c) As moi graves con multas de 60 a 120 euros, con proposta de clausura da actividade, se é o caso.
- d) Todas estas multas non mingúen as sancións superiores autorizadas legalmente pola autoridade competente.

2. Para graduar a contía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade e a reincidencia.

3. Enténdese que hai reincidencia cando se comete a mesma infracción nos doce meses anteriores.

En Arzúa , a 9 de setembro de 2.004

O ALCALDE

Asdo.: Xaquín García Couso